

Comunicado do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG) en relación á reorganización de centros educativos.

O Ceesg súmase ás reivindicacións que a comunidade educativa vén realizando nas últimas semanas, en relación á reorganización de centros educativos promovida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O decreto publicado no DOG do pasado 4 de xullo establece o peche do CEIP Emilio Navasqües en Cruceiro do Ro (Outes) ao fusionalo con outro centro; o peche do CPI Monte Caxado das Pontes, e a eliminación da oferta da ESO no CPI Tomás de Lemos de Ribadavia e no CPI da Ribeira no Porriño, agora reconvertidos en CEIP. Estes cambios teñen efectos tanto no **profesorado** (reubicación) como no **alumnado** (pola necesaria reubicación, e pola existencia de alumnado con necesidades específicas de atención educativa que poden ver o seu avance truncado debido a estes cambios) e nas súas **familias** (polos cambios de horarios que poden afectar á conciliación)

O escurantismo destas accións, tomadas de xeito unilateral sen consulta previa coa comunidade educativa, e coincidindo co remate do curso escolar, non fai máis que reforzar a postura de quen vemos nestas medidas un ataque ao propio ensino público.

Todas e todos temos DEREITO a unha EDUCACIÓN DE CALIDADE, e o aumento de número de nenas e nenos por aula provoca precisamente o contrario. O sistema educativo actual non pasa polo seu mellor momento. Os casos de fracaso escolar, e o aumento de problemáticas sociais fan necesario tomar medidas precisamente no sentido contrario, de xeito que a administración educativa debe tomar medidas que vaian máis alá de respectar a ratio mínima establecida legalmente, procurando unha atención educativa que responda ás necesidades do alumnado. Como medida para promover unha mellora educativa, o Ceesg leva moito tempo demandando a creación de postos de educadoras/es sociais dentro do sistema educativo, algo que xa se acadou noutras comunidades autónomas, pero que Galicia segue tendo como materia pendente.

Ceesg, 14 de xullo de 2017